

VISITAS CONTADAS

á colección do Museo das Peregrinacións e de Santiago

Realiza un **percorrido guiado polo museo**, de forma amena e participativa, para coñecer o edificio e as súas coleccións

► A quen están dirixidas?

A **grupos** de todas as idades e etapas educativas

Mínimo 15 persoas e **máximo de 25**, cun máximo de **3 grupos** á vez

En horario a **escoller** nas horas de apertura do museo



► En que consisten?

As visitas contadas mesturan un percorrido guiado polo museo coa tradición dos **contacontos**. O público terá a ocasión de coñecer as pezas expostas e gozar con lendas, anécdotas e curiosidades relativas ao Camiño de Santiago e á propia historia da cidade. Deste xeito, os relatos e a súa riqueza inmaterial que, pola súa natureza, non se poden expoñer nunha vitrina, serán o fío condutor para descubrir todas as historias que os bens culturais non poden contar de viva voz.



► Como facer a reserva?

Actividade **gratuíta**

Imprescindible **reserva previa**, a través das seguintes canles:

- A través do formulario de reservas da nosa páxina web
- No correo electrónico reservas.mdperegrinacions@xunta.gal

O envío da solicitude **non** implica a reserva da visita; está será **confirmada** polo equipo do museo a través da canle de solicitude.

► Máis información e contacto

- Máis información en <https://museoperegrinacions.xunta.gal>
- E no teléfono [881.867.322](tel:881.867.322)
- Para calquera dúbida ou consulta: difusion.mdperegrinacions@xunta.gal



Búscanos en rede e está ao día das novidades!

